

FONDO SOLIDARIO DE LIBROS E AXUDAS DE MATERIAL 2023/2024

ORDE do 10 de maio de 2023 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir material escolar .

PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE

PRAZO: Ata o **21 de xuño de 2023**

FORMA DE PRESENTACIÓN: Accedendo á aplicación, <https://sede.xunta.gal>, a través do formulario normalizado (ED330B-anexos I e II)

- **Electrónica:** utilice esta aplicación e presente solicitude na Sede Electrónica (inicie premendo no icono de botón na esquina superior dereita da pantalla)
NOTA: na presentación electrónica deberá presentar unha solicitude individual para cada un dos seus fillos
- **Presencial con asistencia da aplicación :** cubra os datos nesta aplicación, imprima os Anexos I e II producidos e presenteos no centro educativo (inicie premendo no icono de botón na esquina superior dereita da pantalla)
- **Presencial manual:** utilice os [Anexo I](#) e [Anexo II](#) da Orde da convocatoria e presenteos no centro educativo

Toda a documentación requirida deberán traela xa fotocopiada, **no instituto non se realizarán fotocopias.**

O impreso de solicitude é o mesmo para todas as axudas.

A solicitude é única para todos os fillos/as que estean admitidos no mesmo centro para o curso 2023/2024.

RECOLLIDA DO VALE E PUBLICACIÓN DE LISTAXES

1º.- Publicación listaxe provisional: data límite o 12 de xullo do 2023. Reclamación nos 2 días seguintes á publicación.

2º.- Publicación listaxe definitiva: data límite **26 de xullo** do 2023

3º.- **Entrega de vales de material escolar:** Recolleranse en setembro. Data límite de uso dos vales: 10 de abril do 2024

4º.- Entrega de **Libros de fondo libros: Inicio do curso 23/24**

REQUISITOS

- **Devolver TODOS os libros do curso 2022/2023 (ata o 21 de xuño do 2023).**
- **Fondo de libros de texto (1º, 2º, 3º e 4º ESO).** Pode solicitar todo o alumnado da ESO, con independencia da renda per cápita; os libros dispoñibles repártense entre os admitidos por orde inversa á renda per cápita, ata que se esgoten. En todo caso recibirán:
 - 6 libros, se a renda per cápita é igual ou inferior a 6.000€
 - 4 libros, se a renda per cápita é superior a 6.000€ e igual ou inferior a 10.000€
 - Ao alumnado tutelado pola Xunta de Galicia ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65%: 6 libros, con independencia da renda. Este alumnado terá preferencia na adxudicación dos libros.
- **Axudas para adquirir material escolar:**
 - **75€ :** se a renda per cápita é igual ou inferior a 6.000€
 - **60€:** se a renda é superior a 6.000€ e igual ou inferior a 10.000€
 - O alumnado tutelado pola Xunta de Galicia, o alumnado de EE ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65% ten dereito a esta axuda con independencia da renda.

RENDA PER CÁPITA

É a *renda da unidade familiar no exercicio fiscal 2021* dividido entre o número de *membros computables*.

- Computarán por dous os membros cunha discapacidade igual ou superior ao 33% ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez, ou a equivalente de clases pasivas.
- A renda da unidade familiar será o resultado de sumar as rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza. Cando presentase declaración da renda **2021** sumarase a base imponible xeral (recadro **435**) e a base imponible do aforro (recadro **460**). Cando non se presentase, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola AEAT.

MEMBROS COMPUTABLES DA UNIDADE FAMILIAR

En todo caso, terase en conta a situación persoal e a composición da unidade familiar en **31 de decembro de 2021**, agás no suposto de violencia de xénero.

- Os pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, titor ou tutores do alumno.
- Fillos/as menores de idade, excepto os emancipados.
- Fillos/as maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Fillos/as solteiros menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar.
- Os proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida formarán unha unidade familiar cos fillos que teñen en común.

- A persoa que, por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar coa persoa proxenitora do alumno/a.

MEMBROS NON COMPUTABLES

- A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.
- O agresor no caso de violencia de xénero.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Para a tramitación deste procedemento **consultaranse automaticamente os datos** incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas.

- **DNI** da persoa solicitante e do resto dos membros computables da unidade familiar.

Consultaranse ademais os seguintes datos cando a persoa interesada faga constar na solicitude que lle é de aplicación a circunstancia que acredita o documento correspondente:

- **Certificado de discapacidade da persoa solicitante e do resto dos membros computables da unidade familiar expedido pola Administración Autonómica, de ser o caso.**
- **Percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez**, ou de pensión de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade (equivalente a unha discapacidade igual ou superior ao 33%)

Cando así o esixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para consultar:

- **Declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas** ou, na falta desta, certificado tributario de imputación no exercicio 2021.

No caso de que as persoas interesadas (persoa solicitante e os membros computables da unidade familiar) **se opoñan a esta consulta**, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

As solicitudes (**ANEXO I**) e **ANEXO II** (Comprobación de datos da unidade familiar) acompañadas, **obrigatoriamente**, de **orixinal e copia** da seguinte documentación:

- **Copia do Libro de familia** onde figuren todos os membros computables. Excepcionalmente, poderase acreditar o número de membros utilizando algún dos seguintes medios:
 - Certificado ou volante de convivencia no que debe de figurar o/a alumno/a e todos os membros familiares que convivan con el/ela.
 - Informe dos servizos sociais ou órgano equivalente do concello onde resida.
- En caso de **divorcio ou separación**, deberán achegar a **sentenza xudicial e/ ou convenio regulador** onde conste a atribución da **custodia do menor**

De ser o caso:

- **Grao de discapacidade:** Certificado acreditativo do grao de discapacidade, se **non** fose emitido pola Xunta de Galicia
- **Violencia de xénero:** Acredítase en calquera das formas que enumera o artigo 5 da lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- **Incapacidade xudicial con patria potestade prorrogada ou rehabilitada:** Resolución xudicial.
- **Alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia:** Resolución administrativa ou xudicial acreditativa.
- **Certificado de convivencia**, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais, no caso de que o pai e a nai ou titor e titores carezan de DNI e NIE
- **Outra documentación**

TODOS OS DOCUMENTOS DEBEN REFLECTIR A SITUACIÓN PERSOAL, FAMILIAR E ECONÓMICA A 31 DE DECEMBRO DO 2021